

## O PECHER DAS FRONTEIRAS: CIDADANÍA E EXCLUSIÓN

Yolanda Martínez Suárez  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### Resumen

Entre los principales obstáculos estructurales para la inmigración figuran el cierre de fronteras y el Estado de Bienestar. En el contexto de la globalización, las tensiones empujan hacia otro lado. La necesidad de mano de obra barata (en el centro y también en la periferia) promueven los flujos de migraciones irregulares, que favorecen al mercado. Coincidiendo con el incremento de estos flujos de la periferia al centro y con el desmantelamiento del Estado de Bienestar, los estados europeos aplican políticas de cierre de fronteras, que además de motivos económicos y políticos juegan un importante papel psicológico: de protección frente al miedo a lo desconocido. Los medios de comunicación y el discurso político alimentan mediante las estrategias de la “criminalización”, “la avalancha”, etc. esta “amenaza”.

*Palabras clave:* Inmigración, fronteras, ilegal, sin papeles, Estado de Bienestar, medios de comunicación, globalización, otros/as.

### Abstract

The welfare state and the closing of borders are among the main structural obstacles for immigration. In the context of globalization, tensions push towards another side. The need for a cheap workforce (in the center and also in the periphery) promotes the flow of irregular migrations, which have a positive influence on the market. Coinciding with the increase of these flows of the periphery to the center and with the dismantling of the Welfare state, the European states apply closed border policies, which—in addition to their economic and political motives—play an important psychological role: of protection out of fear toward the unknown. Both the media and political speech feed this “threat” by means of the strategies of the “criminalization”, “the avalanche”, etc. *Keywords:* Immigration, borders, illegal, without identification, Welfare State, mass media, globalization, different.

---

*Recibido: 19/01/09. Aceptado: 03/12/09.*

## O peche das fronteiras: cidadanía e exclusión

Entre as particularidades dos movementos migratorios de fins do século XX e comezos do XXI está a política do peche das fronteiras, que xunto co Estado de Benestar configuran os principais obstáculos estruturais á inmigración. (Enzensberger, 1992: 65). No outro lado da romana está a globalización. A mundialización como fenómeno comporta unha serie de condicións que favorecen as migracións na medida en que esixen o desenvolvemento rápido das economías da periferia dentro dunha competición co centro, que non deixa de producir grazas á man de obra barata que exporta da periferia. Pero, por outra banda, a lóxica occidental da globalización obriga aos países da periferia a manter os/as seus/súas cidadáns/ás dentro das súas propias fronteiras.

O paradoxo é unha vez máis compañeiro da lóxica económica occidental. Por unha banda, obrígase á periferia a igualarse co centro pero sen que nela se dean as condicións necesarias para que tal achegamento suceda. Sen coñecementos especializados e instrumentos de fabricación adecuados, as materias primas e man de obra da periferia non teñen nada que facer para competir co centro, quen, ademais se protexe con aduanas e subvencións que prohibe aos seus competidores periféricos. Por outra banda, Europa válese da man de obra procedente dos países pobres, importándoa en forma de inmigración ou explotándoa nas fábricas deslocalizadas das multinacionais. Sen embargo, penalízase ao/á que inmigra, malia que o sistema en boa parte o/a necesita, con políticas de fronteiras que condenan o que entra na maioría dos casos á invisibilidade social, e polo tanto a ausencia de identidade. Na mesma liña, a sociedade occidental rexeita o proceso de deslocalización. Co que se condena aos habitantes da periferia a permanecer nos países de orixe sen traballo co imperativo económico de alcanzar a Occidente sen medios para facelo. (Bessis, 2002, 2005).

Coincidindo co aumento dos fluxos migratorios cara aos países do centro, facultado pola precarización laboral parella á globalización, e coa desaparición da situación excepcional de pleno emprego que durante unha época pequena favoreceu o despegue económico capitalista de Europa e os Estados Unidos de América, os países comezaron a aplicar unha política de peche de fronteiras.

Máis aló das causas económicas, fundamentais, existen causas psicolóxicas para o peche das fronteiras. O medo ao descoñecido, aos estraños é unha causa de rexeitamento das migracións.

“Nos da medo la globalización porque vamos a asistir a la llegada incesante de personas extrañas a nosotros que se meterán en nuestros barrios y merodearán por las esquinas. Así pues, la siguiente pregunta es: ¿Por qué nos dan miedo los extraños? (...) ¿Siempre se ha considerado peligroso a los extranjeros y siempre han sido necesarias unas fronteras vigiladas?” (Mernissi, 2004: 9-10).

Mernissi entende que non tódalas civilizacións consideran perigosos aos estraños. E para xustificar esta hipótese podemos acudir ao argumento do tabú da hospitalidade<sup>1</sup>. Se ben é certo que existen graos de hospitalidade entre as diferentes comunidades e culturas do mundo. A pensadora marroquí recorre con frecuencia a memoria da súa aboa Yasmina<sup>2</sup>, quen ensalzaba a tarefa do viaxeiro. Como dicía Yasmina, muller de fai tres xeracións nacida en Fez dentro dos muros dun harem, viaxar é unha maneira de aprender. Precísase valor para enfrontarse aos outros, os estraños e aprender deles. Tentar entendedelos permítenos comprender o seu trato cara a nós (observamos os seus prexuizados, costumes, etc.) e o nós mesmos. Os/as emigrantes, a priori, non viaxan para aprender —aínda que entre as causas das migracións tamén podemos atopar a intelectual e formativa<sup>3</sup>—, sen embargo, a aprendizaxe é unha das consecuencias do seu movemento.

Os/as forasteiros/as son benvidos/as cando traen billete de volta.<sup>4</sup> Nos casos en que pretenden asentarse, os Estados toman unha serie de medidas para evitalo. O cosmopolitismo actual é a mostra de que as políticas estatais non son tan eficaces como algúns desexarían. As grandes

---

<sup>1</sup> Os individuos deben estar ben definidos e categorizados para poder aterse a unhas normas de comportamento. Hans Magnus Enzensberger analiza o mito do forasteiro, figura arredor da cal se creou o tabú da hospitalidade para previr enfrontamentos culturais no caso de contactos espontáneos temporais. Véxase *La gran migración*, Barcelona, Anagrama, 1992.

<sup>2</sup> Recoméndase a lectura de *El harem en Occidente*, Madrid, Espasa, 2006.

<sup>3</sup> Varios autores/as listan entre as tipoloxías de inmigrantes actuais os/as estudantes e mesmo os/as investigadores/as que se desprazan da periferia cara ao centro para asistir a unha formación concreta.

<sup>4</sup> O/a forasteiro/a é aceptado e mesmo homenaxeado/a nas diferentes culturas. O problema xorde cando o que se considera de paso non se atén ao guión e se asenta de xeito duradeiro ou definitivo nun lugar. A crise radica en que o/a forasteiro/a vire cidadán antes de obter o estatuto de cidadanía. A figura tolerada do convidado/a de paso convértese nunha “ameaza” cando decide quedar e ser un/unha máis.

Enzensberger analiza a creación do tabú da hospitalidade como instrumento para frear a xenofobia dos grupos e lexitimar deste xeito a figura do/a forasteiro/a: “El forastero goza de hospitalidad, pero no puede quedarse” (Enzensberger, 1992: 15).

metrópoles, dende Londres a Nova Iorque, pasando por París e Barcelona, son formigueiros de diversidade humana e cultural, onde as culturas conviven nun espazo e un tempo. Se ben, hai quen comeza a observar un proceso de trazado de fronteiras interno. Dentro dos países onde o cosmopolitismo é norma, e xa non excepción, as fronteiras nacionais son substituídas cada vez máis polas fronteiras sociais de exclusión, tan claras no caso dos suburbios franceses, caldo de cultivo de movementos fundamentalistas pero tamén de movementos de reivindicación pacifista como Nin Putas nin Sumisas, capitaneado por Fadela Amara, hoxe ligada ao goberno de Sarkozy<sup>5</sup>.

Centrémonos agora nos muros exteriores, algúns deles físicos<sup>6</sup> e outros imaxinarios pero ben reais, das fronteiras entre países. No caso europeo a construción de muros físicos non é necesaria<sup>7</sup>, porque o mar Mediterráneo actúa como barreira natural para dificultar o tráfico de persoas entre os dous estreitos —miles de persoas quedan cada ano no mar pola imposibilidade de chegar ao destino con vida—.

A pertenza á Unión Europea supón a aceptación dunha serie de leis que en materia de inmigración constitúen o que Bessis chama: “un verdadeiro escudo legislativo y reglamentario para impermeabilizar sus fronteras” (Bessis, 2002: 185). A unificación das políticas de emigración dos estados membros supón a homoxeneidade do corpo lexislativo europeo en relación a este tema<sup>8</sup>. Este feito explica porque unha historia de forte

---

<sup>5</sup> Na actualidade, Fadela Amara, expresidenta do movemento francés Ni Putes ni Soumises e autora do ensaio homónimo en 2004 coa colaboración de Sylvia Zappi, ocupa o cargo de Secretaria de Estado da Política da Cidade do Ministerio de Vivenda da República francesa. A militante de esquerdas aceptou un dos postos que o goberno conservador de Sarkozy brindou a personalidades de centro e esquerda nun xesto conciliador.

<sup>6</sup> A fins do século XX popularizouse o termo “muros da vergoña” para facer referencia ás divisións físicas en forma de balados, muros, vallas metálicas, etc. que se erixiron para separar zonas fronteirizas porosas. Dentro desta tipoloxía enmárcanse o muro de Berlín, o muro do Sáhara occidental, as vallas de Ceuta e Melilla, a valla que separa a fronteira norte de México cos Estados Unidos de América, etc. Pero son moitos máis os que se podería citar. Sirva esta nota ao pé como mostra de que a práctica do muro defensivo non é cousa do pasado senón algo “vergoñentamente” actual.

<sup>7</sup> Con salvagarda das vallas de Ceuta e Melilla, xa mencionadas noutra referencia ao pé.

<sup>8</sup> Liliana Suárez Navaz et al. fan referencia no texto “El estado y las luchas de los sin papeles en España” en Suárez Navaz, Liliana; Macía, Raquel y Moreno, Ángela, *El estado y las luchas de los sin papeles en España*, TdS, 2007, páx. 185, á aplicación das leis de estranxería españolas como seguimento, e non iniciativa coxuntural, da política da Unión Europea, daquela CEE. “Cuando la primera ley de Extranjería de 1985 pasó

emigración como no caso de España, Italia ou Portugal, non supón diferenzas en política emigratoria con respecto a outros países con menos relación histórica cos movementos migratorios. Malia que Europa entre os séculos XIX e XX foi unha importantísima fonte de movementos emigratorios<sup>9</sup>.

“Cualquier extranjero no occidental es en la actualidad un inmigrante en potencia, e incluso las estancias de corta duración se autorizan con cuentagotas” (Bessis, 2002: 185).

A implantación en España das medidas legislativas e administrativas orixinarias da Unión Europea supón dúas particularidades. Por unha banda, a particularidade de ignorar o seu pasado recente de país emigrante, do que Galicia segue a ser hoxe un reflexo moi vivo coas taxas actuais de saldo negativo (saen máis emigrantes que inmigrantes entran cada ano)<sup>10</sup>. Por outra banda, a sobredimensión da lei que se aplica para o contexto español e nomeadamente para o galego.

A presenza da inmigración en España na actualidade supón unicamente a porcentaxe do dez por cento do total da poboación<sup>11</sup>. E debemos ter en conta que case unha terceira parte<sup>12</sup> desta cifra supóñena cidadáns do

---

por el parlamento con procedimiento de urgencia, España no respondió tanto a su propia coyuntura de inmigración (apenas reseñable) como a las restricciones impuestas por la Unión Europea”, explican.

<sup>9</sup> En *La gran Migración*, Enzensberger documenta os movementos de máis de 34 millóns de europeos/as que chegaron aos Estados Unidos de América entre 1810 e 1921 (Enzensberger, 1992: 26-27), cifra que tamén recolle Bessis (2002: 55). Sandra Gil apunta que saíron de Europa ata 50 millóns de persoas nesa mesma época (Gil citada en Bernárdez, 2007: 13).

Á cifra de xente que partiu cara aos EUA hai que engadirlle as persoas que emigraron cara a outros grandes centros de acollida. Calcúlase que oito millóns de persoas chegaron a Canadá dende Europa, dous millóns de europeos tiveron como destino final Australia entre principios do século XIX e o séc. XX, e doce millóns de españois/as, italianos/ás, alemáns/ás e portugueses/as emigraron a América do Sur (BESSIS, 2002: 55).

<sup>10</sup> Segundo o Informe Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008, Elaborado polo IGE, o saldo migratorio de Galicia co resto de España é negativo, é dicir que saen máis galegos que españois entran. Concretamente a proporción é de -1.438 persoas. No 2008 o saldo migratorio exterior é positivo: 19.039 persoas.

<sup>11</sup> Segundo o Informe Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008, Elaborado polo IGE, a porcentaxe de inmigrantes residentes en Galicia en 2007 supoñía só o 2,9 por cento do total poboacional.

<sup>12</sup> Segundo datos recabados polo INE, Padrón municipal de habitantes, 2008, publicados no Informe Datos Estadísticos básicos de Galicia 2008, só os portugueses representan en Galicia o 19, 4 por cento do total dos inmigrantes residentes, os italianos son

resto de Europa en forma de residentes da costa do Sol, e mediterránea en xeral, fundamentalmente. A aplicación da lei de estranxeiría de berce europeo en España, é pois como indica Santamaría (citado en Bernárdez, 2007: 15) paradigmática.

A aplicación da lei de estranxeiría asociada ao peche de fronteiras e outra medidas restritivas e disuasorias implica unha serie de efectos negativos.

### **Do inmigrante económico ao cultural: estigmatización e ilegalización**

As políticas de peche das fronteiras non xorden por casualidade, nin son inocentes. Coinciden cun cambio de perspectiva das administracións e os gobernos dos países do centro respecto aos inmigrantes e cunha preocupación identitaria marcada polo medo a perder a “posición hexemónica”, como diría Bessis (Bessis, 2002: 106-107)<sup>13</sup>. O fenómeno da inmigración deixa de ser contemplado dende a perspectiva exclusivamente económica. É dicir que deixa de considerarse aos/as inmigrantes como mera forza de traballo para observalos/as dende a óptica culturalista. A seguridade está intimamente relacionada coa cuestión do culturalismo. A consecuencia é que o inmigrante pasa a ser un presunto culpable de delincuencia. O caso paradigmático é o/a do/a magrebí, exipcio/a, ou orixinario/a de Oriente Próximo, en definitiva, os/as inmigrantes de orixe árabe. Os/as inmigrantes que proceden de países que practican a relixión do Islam son identificados sistematicamente con Islamistas. Tanto a opinión pública, coma os medios de comunicación, que se prestan á confusión mantendo a deseducación no tema e servindo de voceiros ao discurso hexemónico confundido e malintencionado do terrorismo que preconizan os EUA para quen todo árabe é terrorista en potencia, contribúen ao establecemento do estereotipo estigmatizador de Islam como sinónimo de Islamista<sup>14</sup>. Esta confusión, que nos afecta en tanto país receptor de inmigrantes magrebíes,

---

a seguinte nacionalidade comunitaria asentada en Galicia cunha porcentaxe do 3,4 por cento do total.

<sup>13</sup> *En Occidente y los otros: Historia de una supremacía*, Madrid, Alianza Editorial, 2002, Sophie Bessis analiza a formación da identidade europea e estadounidense, a que ela chama: identidade de supremacía. Véxase o primeiro capítulo.

<sup>14</sup> Sobre este tema véxase a obra de Sophie Bessis e de Fátima Mernissi. Ámbalas autoras, por separado, fan unha análise e unha crítica da formación do estereotipo de islam e islamista como sinónimos por parte dos medios e os discursos políticos occidentais.

maioritariamente de relixión Islam, é un dos elementos característicos da inmigración en Occidente, entendida como fenómeno maioritariamente negativo. Non é preciso explicar que Islam é o nome dunha relixión monoteísta, unha das tres crenzas de Libro xunto co Cristianismo e o Xudaísmo, que rende culto a Alá e ao seu profeta Mahoma. Mentres que o Islamismo é un tipo de fundamentalismo extremista que nada ten que ver coa práctica normal da relixión do Islam<sup>15</sup>.

Outra das características que lle apoñemos aos/ás inmigrantes que chegan ás nosas terras é a responsabilidade neste proceso. Presupoñemos que os/as inmigrantes chegan a Europa, España ou Galiza porque queren. O mito de “A nosa terra é onde mellor se vive” tan manido nos medios de comunicación serve para quitarlle a responsabilidade ás nosas economías dos procesos de pobreza profunda que viven moitos dos países emisores de inmigrantes en busca de traballo e benestar lonxe.

A inmigración económica, a que caracteriza aos/ás emigrantes galegos/as e españois/las por extensión —os/as españois/las en América son todos “gallegos”<sup>16</sup> e por algo será— vese de xeito positivo. Deste xeito xustifícase unha necesidade que hoxe en día seguen a ter os/as galegos/as. Para distinguir entre a inmigración positiva —a propia dos/as galegos/as e españois/las ou en última instancia europeos/as— e a do resto dos/as inmigrantes que chegan ás nosas terras mudouse a perspectiva e conseguinte caracterización destes/as outros/as inmigrantes. O proceso de conversión en delincentes dos/as outros/as, dos/as inmigrantes que veñen de fora, é unha das principais ferramentas para a construción desta inmigración negativa. Pero como non podemos afirmar que todos son delincentes, establecemos unha serie de argumentos que reforzan este tópico da inmigración negativa que nos serve aos/ás europeos/as para lavar as mans cal Poncio Pilatos no asunto da inmigración, e sobre todo que evita as incómodas comparacións, pois nós —os/as galegos/as pero tamén os/as españois/las— somos pobos de emigrantes, a diferenza de varios países centroeuropeos que ditan as normas de política de estranxeiría<sup>17</sup>.

---

<sup>15</sup> Non nos compete neste artigo criticar os trazos patriarcais da relixión mahometana. Sen embargo, non queremos deixar pasar a oportunidade de sinalar o nexos entre as tres relixións de libro e o patriarcado.

<sup>16</sup> En América Latina, popularizouse o termo “gallegos” para facer referencia aos/as galegos/as e resto de españois/las que viñeron inmigrados/as dende o outro lado do Atlántico, dado que o volume de inmigrantes orixinarios/as de Galicia era maior ao de españois/las.

<sup>17</sup> Varios/as estudosos/as traballan as diferenzas en política emigratoria, e social en xeral dos países do norte de Europa e os do Sur, entre os que se atopan nomeadamente España, Portugal, Italia e Grecia.

O argumento da ameaza de invasión cultural por parte dos/as outros/as e da perda dos referentes propios é outro dos tópicos que reforza a construción do discurso da inmigración como algo negativo.

“Europa importa así mano de obra del Tercer Mundo pero se resiste a que traiga de la mano una religión o una cultura” (Ventós citado en Bernárdez, 2007: 17). Con esta cita de Rubert Ventós queremos mostrar como a figura do/a inmigrante económico/a está connotada positivamente—cando menos é tolerable— mentres que a figura do/a inmigrante culturalista é algo negativo e denostable<sup>18</sup>.

Nesta mesma liña de argumentación empréganse frecuentemente as metáforas de conflito<sup>19</sup> que crean a opinión de guerra. Cada un dos bandos sitúase a un lado das fronteiras, e obviamente os malos son os que nos queren invadir.

Coas políticas actuais de inmigración, as persoas que veñen doutros países sen papeis adquiren o estatuto de “ilegal”. O propio termo xa connota a negatividade e a súa conexión coa delincuencia e o crime. As persoas que viven dentro dunha comunidade teñen unha serie de dereitos e obrigas, entre as que se atopan cumprir as leis. Todo incumprimento da lei pasa a ser algo ilegal, castigado con diferentes sancións en función da interpretación dos códigos legais vixentes. É dicir, que os/as inmigrantes polo mero feito de estar aquí xa son ilegais. O castigo destas persoas é a perda, ou mellor dito non adquisición do estatuto de cidadán á súa chegada ao país de destino.

O tratamento politicamente correcto ao que son tan dados os medios de comunicación por contaxio dos políticos mudou o termo de “ilegal” por “sen papeis”<sup>20</sup>, sen dúbida máis apropiado, aínda que non perdera

---

<sup>18</sup> De todos os xeitos hai que ter presente que os discursos político e mediático minimizan ou invisibilizan, cando nos terxiversan, a contribución económica dos inmigrantes ás arcas do estado. Por exemplo, sóese facer mención as colas da sanidade pública e as prazas de escolarización obrigatoria pola presenza de inmigrantes, mentres que non se analizan as cifras de contribución deste colectivo á seguridade social ou ao incremento da natalidade, reversibilizando así o efecto de campá invertida das gráficas de natalidade europeas.

<sup>19</sup> Os medios de comunicación empregan frecuentemente as alegorías belicista e naturalista para facer referencia á inmigración. Metáforas como a das invasión, avalancha, etc. son utilizadas polas crónicas mediáticas alimentando a sensación de caos, e a sobre-dimensión do fenómeno da inmigración.

<sup>20</sup> Cfr. Liliana Suárez Navaz et al., op. cit., pág. 185-213. Neste texto fan mención ás dúas principias consignas dos movementos asociativos de inmigrantes “sen papeis” que se levantaron contra as leis de inmigración de 2000, aprobadas polo PP español, a segunda



a carga pexorativa de estar á marxe do sistema, sen lei que respectar porque xa a incumpre coa súa existencia neste lugar.

O paso da concepción económica á culturalista do inmigrante coincide coa crise dos Estados de Benestar europeos, que actualmente atravesan unha fase de recorte de servizos públicos preocupante, nomeadamente os do Sur de Europa non tan maduros coma os do Norte. Existen varios debates en torno a esta cuestión. Por unha banda escóitase o discurso do límite da tolerancia, encabezado por Francia —país cunha tradición moi diferente á española—, que se preocupa pola capacidade de acollida dos/as inmigrantes sen chegar a lesionar o sistema económico francés. O caso de Francia é particular na medida en que leva varias xeracións recibindo inmigrantes das zonas que ocupou durante a colonización. O número de inmigrantes que residen en Francia representa unha porcentaxe moito maior á media española, do dez por cento da poboación. Debemos ter en conta ademais que Galicia é unha das comunidades españolas con menor incidencia da inmigración. O saldo entre emigración e inmigración é negativo na nosa comunidade. Aínda que nas cifras estamos moi lonxe do caso francés ou o británico comezamos a preocuparnos xa pola suposta, en palabras de Bourdieu (citado en Bernárdez, 2007: 33), ameaza para a unidade nacional e a identidade política. Isto explícase polas características das formación da opinión sobre a inmigración, que máis que centrarse na experiencia particular de cada quen, as persoas tendemos a basearnos nos discursos sociais como o mediático ou o político (Bernárdez, 2007: 34).

Por outra banda, a economía capitalista que asiste ao desmoronamento do Estado de Benestar que ademais coincide coa emancipación das mulleres españolas, e as galegas, aprovéitase da emigración para cubrir esas vacantes que o Estado deixa libres. Son concretamente as mulleres inmigrantes as que se ocupan dos coidados no sector doméstico, o máis sobrecargado nos casos de ausencia de apoio e intervención estatal. Fano en forma de “servizo doméstico” ou “fregona” como se dixo toda a vida —que diría Celia Amorós—, que atenda as tarefas de coidados, ou en forma de “neneiras” ou coidadoras de vellos, enfermeiras e acompañantes.

---

con maioría absoluta. Os inmigrantes asociáronse arredor dos berros: “papeis para todos” e “ningún ser humano é ilegal”. Precisamente esta segunda frase é defendida por Seyla Benhabib. A teórica política critica a estigmatización dos sen papeis como ilegais no seu ensaio: *Los derechos de los otros*, Barcelona, Gedisa, 2005.

## As excluídas entre os excluídos

Son precisamente as mulleres inmigrantes as que carretan as principais cargas sociais e culturais da inmigración. Son as mulleres as que visten as roupaxes tradicionais de opresión e as que conservan os costumes culturais de cada comunidade<sup>21</sup>. Este feito non muda na emigración. Celia Amorós gusta de lembrar o aspecto occidental, “con blue jeans y camisa” que lucía o pai de Fátima, a nena musulmana que levantou en España o debate do velo nas escolas públicas e concertadas, nun debate televisivo<sup>22</sup>; ou o caso do xeque árabe que paga con American Express

---

<sup>21</sup> As mulleres son o baluarte da defensa dos costumes culturais, abandeiradas dos ritos e tradicións dos seus pobos. A filósofa francesa Michèle Le Doeuff teorizou a “*sobre carga da identidade*” das mulleres. Por outra parte, Celia Amorós afirma a propósito da identidade, nunha entrevista realizada por Dolores Vilavedra e María Xosé Agra para *Grial*, que “*compre ter en conta que as identidades se negocian nas relacións de poder*” (Amorós, 2007: 56). O poder é unha estrutura masculina, tecida polo patriarcado, definido por Kate Millet coma un conxunto de pactos entre homes, nos que as mulleres son o obxecto transaccional, ou como moito as testemuñas ou madriñas que miran mentres os homes asinan a súa dominación. As mulleres no patriarcado dispoñen dunha identidade heterodesignada polos homes quen teñen poder de nomear, en tanto suxeitos. Os termos do contrato son “as nosas mulleres” ou “as vosas mulleres”. Ou como diría Amorós “*mujeres es lo que tenemos nosotros*” (en Amorós y De Miguel, 2007: 235). As mulleres reciben pasivamente un nome, unha identidade. A negación da individuación das mulleres é tal que Amorós teorizou a correlatividade entre a sobrecarga de identidade das mulleres e a sobrecarga de individuación e autonomía dos homes, dada a súa infracarga de identidade. Son “*la subjetividad por antonomasia*”, di (en Amorós y De Miguel, 2007: 230). En *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias...* Amorós relaciona os espazos de poder co principio de individuación. As mulleres son as mesmas, as idénticas, indiscernibles dentro dos seus traxes folclóricos todos igualiños, homónimas estereotipadas en nomes comúns como “maruxas ou marías”.

A identidade é relacional e sostense sobre a base da sobrecarga feminina da mesma. Os homes teñen unha identidade en relación a identidade doutros homes. En termos de Femenías (2007: 87): “*La emergencia de sujetos mujer estereotipadamente normalizadas es funcional a la supervivencia de los diversos grupos y culturas*”. A normalización, da que fala a profesora bonaerense, consiste na feminización da tradición, onde as mulleres cumpren coas súas tarefas “normais” de coidadoras e mediadoras culturais.

<sup>22</sup> Referímonos ao caso da nena magrebí Fátima Elidrissi quen a fins do 2001 protagonizou na súa escola relixiosa concertada de San Lorenzo do Escorial o primeiro debate do velo no espazo público en España. Recoméndase a lectura das conferencias sobre o tema ditadas, no Ateneo de Madrid en marzo de 2002, por Amelia Valcárcel e Celia Amorós, así como o texto “La algarabía de la tolerancia” publicado por Oliva Blanco en *La razón*, 09 de marzo de 2003.

mentres a súa acompañante vai tapada con velos e roupaxes que ocultan a súa personalidade<sup>23</sup>.

Mencionabamos uns parágrafos arriba o uso de metáforas como unha das estratexias de desprestixio do fenómeno da inmigración. Pois ben, ademais das metáforas militares que connotan conflitos armados e violentos, interrupcións abruptas e entradas á forza; os medios de comunicación tenden a empregar, tamén, metáforas acusas e relativas aos fenómenos naturais, como inundacións, mareas... A naturalización é unha das estratexias máis recorrentes do patriarcado para desprestixiar o que lle é alleo e pode subvertir a orde imperante. Así a inmigración, como a muller, é asociada á incontrollable oleaxe, as catástrofes naturais, etc. A naturalización está asociada ao caos e a irracionalidade. Podemos establecer unha analoxía entre as dicotomías de nacional/ inmigrante, sociedade/ natureza, racional/irracional, home/muller, privado/público, civilización/barbarie, modernidade/tradición, etc<sup>24</sup>.

No caso das mulleres inmigrantes esta caracterización natural é aínda máis profunda, na medida en que estas son dobremente marcadas co polo negativo da dicotomía. Resulta lóxica pois a adscrición das mulleres inmigrantes á esfera do privado, o que as invisibiliza.

Segundo datos do ano 2002 da Comisión Europea, preto do 50 por cento, a metade, dos emigrantes internacionais son mulleres. Aos datos cuantitativos que supoñen que 75 dos 150 millóns de emigrantes

<sup>23</sup> Véxase para seguir esta reflexión entre outros textos da autora, *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, pax. 406.

<sup>24</sup> Na tradición do pensamento occidental foille atribuída ao filósofo presocrático Pitágoras (570-505 ) a elaboración da primeira lista de contrarios.

*Límite - Ilimitado*

*Impar - Par*

*Un - Múltiple*

*Dereita - Esquerda*

*Masculino - Femenino*

*En repouso - En movemento*

*Recto - Curvado*

*Luz - Escuridade*

*Bo - Malo*

*Cadrado - Oblongo* (Aristóteles, *Metafísica*, 986 a).

O filósofo que liderou a seta dos pitagóricos argumentou a superioridade de cada un dos elementos da primeira columna sobre os da segunda. Na quinta posición agroma a condición de masculinidade como superior á de feminidade. É curioso como tamén se pode interpretar este texto ao abeiro da tese da feminización da inmigración, xa que o filósofo asociaba o movemento ás mulleres, e o repouso aos homes.

son mulleres emigrantes, hai que engadir os datos cualitativos, os cales indican que estas mulleres emigradas se dedican á enfermería, servizo doméstico (eufemismo de criada) e a industria do sexo ( eufemismo de prostituta)<sup>25</sup>.

Queremos facer un inciso para subscribir a postura da feminista da igualdade española por excelencia, Celia Amorós, verbo dos eufemismos. A teórica valenciana denuncia o uso dos eufemismos na medida en que estes desactivan a carga política e crítica dos termos que maquillan. Dicindo servizo doméstico ou industria do sexo non mudamos a realidade social que emprega as mulleres maioritariamente no eido privado, perpetuando así a súa invisibilidade, e se aproveita da súa sexualidade, instrumento da súa opresión na medida en que se naturaliza xustificando a falacia naturalista e tradicionalista a un tempo.

Resulta paradoxal que as mulleres inmigrantes ocupen os postos no sector privado, non regulamentado nin valorado, para permitir nas sociedades europeas o acceso da metade da poboación (as mulleres) ao eido público, retrasando así o necesario debate da corresponsabilidade entre homes e mulleres na realización das tarefas de coidados<sup>26</sup>.

Coa política de contratación de inmigrantes para o sector doméstico abórtanse as posibles redes de solidariedade entre mulleres nacionais e inmigrantes que aliadas poderían establecer pactos de empoderamento das mulleres. Deste xeito o sistema patriarcal conserva intactas as súas

---

<sup>25</sup> Todas estas actividades corresponden ao eido da reprodución, tamén chamado “tarefas de coidados”, asociado tradicionalmente ás mulleres.

<sup>26</sup> Varias estudosas destacan o papel que ten o emprego de mulleres inmigrantes, ou rurais, para tapar o problema da conciliación familiar, entre as dúas partes da parella. O feito de dispoñer de man de obra barata, mesmo irregular, que desempeñe as tarefas de reprodución atrasa a discusión pertinente entre a distribución dos espazos e os tempos correlativa ao sexo. Xa non son, maioritariamente, as mulleres europeas as que teñen que cargar co peso do fogar, en exclusiva, pois hai outras mulleres en peor situación socioeconómica que lles botan unha man nesta tarefa.

Non pretendemos ignorar con esta reflexión que as mulleres occidentais seguen ser gozar dos dereitos da esfera pública de forma análoga aos seus compañeiros homes, pois segundo reflicten as estatísticas, as mulleres seguen cobrando polo mesmo traballo un 30 por cento menos, traballan unha media de 5 horas diarias máis que os homes e sofren outras eivas como o teito de cristal, e varias formas de discriminación horizontal e vertical máis. Sen embargo, é ben certo que a contratación de mulleres da periferia como “empregadas de fogar” alivia o peso da corresponsabilidade, deitando a carga sobre outros ombreiros femininos, sen solucionar o problema de fondo e sen cuestionar, unha vez máis, a asignación patriarcal de espazos.

estruturas; a un tempo que obtén un maior prestixio social por apropiarse da retórica igualitaria feminista, xa que nalgunha medida permite a emancipación feminina das súas votantes e cidadás. Sen embargo, non debemos ignorar que o fai a costa de enmascarar de novo o mito do “igualitarismo marital” e a costa da invisibilización e aproveitamento das mulleres inmigrantes que, deste xeito, non logran a súa emancipación.

O desmoronamento do Estado de Benestar provoca un incremento de cantidade e calidade de actividades que o sector público deixa de prover e polo tanto das que teñen que facerse cargo os cidadáns. Neste caso as mulleres en tanto responsables históricas do sector privado. Esta situación supón unha fonte de traballo para as mulleres inmigradas que son demandadas para realiza restas tarefas. Paradoxalmente, é unha situación político-económica e social semellante á sufrida por Europa co desmoronamento dos estados de benestar a que empurrou a moitas mulleres a inmigrar. O desmoronamento das economías dos países emerxentes e a aplicación de plans de axuste estrutural supón unha das principais causas da emigración<sup>27</sup>.

A feminización da inmigración ten como principal causa a feminización da pobreza. A propia Nacións Unidas xa fala de “feminización pobreza”, e non é para menos xa que aínda que existe variación de datos estímase que arredor do 70% (datos da ONU) dos 1.300 millóns de persoas pobres do mundo son mulleres. Asimesmo, calcúlase que só o 1 por cento da propiedade mundial é de titularidade feminina. Deste dato son en grande parte responsables as políticas de herdanza patriarcais que pasan os bens de pais a fillos, excluindo as fillas que van casar fóra e formar parte doutra familia. Seguindo coa rolda de datos, estímase que a taxa de alfabetización e escolarización de nenos duplica a de nenas, xerando un hándicap de incorporación ao ámbito laboral moi difícil de superar para as mulleres. Segundo o estudo de Ana García Mina e María José Carrasco (2004: 9), dos 900 millóns de persoas analfabetas que hai no

---

<sup>27</sup> Entre os motivos máis frecuentes das novas olas de emigración que circulan dende a periferia ata o centro, e nomeadamente da feminización da inmigración, figuran as consecuencias da aplicación dos plans de axuste estrutural das economías de varios países, nomeadamente, latinoamericanos e as crises internas que repercuten na maior cantidade de traballo de reprodución para as unidades familiares, e consecuentemente para as mulleres, debido ao descenso de servizos públicos prestados polas institucións estatais. A emigración destas mulleres, responsables do mantemento da unidade familiar, é moitas veces a única saída económica para a unidade familiar, perante a falta de industria que empregue os varóns no país de nacemento. Outras causas de emigración para estas mulleres son a desestruturación dos seus fogares por abandono, por repudio pola súa parella, etc.

mundo 2/3 son mulleres. A doutora en Economía, María Martínez Torres, define a feminización da pobreza como segue:

“Existen diversas maneras de definirla: puede significar que las mujeres tienen una mayor tasa de incidencia de la pobreza que los hombres, o que la pobreza de las mujeres es más severa que la masculina; o bien que a lo largo del tiempo la incidencia de la pobreza en las mujeres ha crecido respecto a la de los hombres” (Martínez Torres, 2005: 7).

As mulleres son sempre as máis prexudicadas nos casos de problemas estruturais. A pobreza que afecta ás nacións periféricas causa un maior impacto nas mulleres que nos varóns pois son elas as que teñen que suplir os servizos que xa non pode prestar o sistema. Son as mulleres ás que fan de coidadoras de nenos/as cando non existen garderías públicas e non se poden pagar as privadas. Son as mulleres as que coidan os/as vellos/as cando non se dispón de residencias da terceira idade ou centros de día abondo. Son as mulleres ás que fan de enfermeiras cando escasean os hospitais. Son as mulleres as que cociñan, limpan e coidan. Por outra banda, son tamén as mulleres as que teñen que facer un esforzo por empregarse de maneira formal ou informal, se a anterior non é posible, para paliar a falta de ingresos na unidade familiar.

Ademais de copar o sector do subemprego, ou informal, as mulleres constitúen tamén a porcentaxe maioritaria de man de obra da poboación industrial dos países da periferia. Son a man de obra preferida polas multinacionais que se asentan nas fronteiras, as maquilas son un bo exemplo desta política de contratación. As condicións de saúde das mulleres dos países afectados por políticas de axuste estrutural son precarias: traballan sen protección sanitaria xornadas interminables na industria e logo fanse cargo das tarefas de reprodución no fogar, paliando co seu corpo a fame, ou enfermidades do núcleo familiar. Neste contexto, a migración representa unha saída para moitas destas mulleres.

Segundo Laura Oso existen tres etapas no estudo das migracións femininas. A primeira abrangue o período anterior a mediados dos anos setenta e caracterízase pola ausencia case total de estudos. A segunda, engloba dende mediados dos setenta, data na que se establecen as políticas de peche de fronteiras, ata os oitenta. Esta segunda etapa caracterízase pola aparición do estereotipo da muller inmigrante “reducida al estereotipo de la mujer reagrupada, económicamente inactiva, acompañante y dependiente del migrante varón”. A terceira etapa comeza nos anos oitenta e chega ata a actualidade. Nesta última etapa xorde a figura da

“mujer jefa de hogar, protagonista de la migración, actora económica, actora social y de desarrollo”. Oso continúa a análise do caso español coa seguinte afirmación:

“En el caso español, lejos del estereotipo de la migrante reagrupada, económicamente inactiva, dependiente del migrante varón, los datos estadísticos revelan que la migración regular de mujeres africanas, latinoamericanas y asiáticas está en casi un 50% compuesta por trabajadoras” (Oso citada en Bernárdez, 2007: 30-32).

Ademais da precarización da man de obra produto das economías globalizadas e a crise económica dos países da periferia, a muller emigra por outros motivos. Entre eles, destaca o motivo emancipatorio. Malia que a emancipación sexual non se concrete en Occidente, onde as mulleres inmigrantes teñen que pregarse ás normas de dominación masculina incrementadas pola súa condición de inmigrantes e polo tanto dobremente invisibilizadas, moitas mulleres foxen dos seus países de orixe para escapar das súas parellas ou familias, para fuxir da estigmatización: os casos de separadas, nais de fillos non lexítimos, maltratadas, etc. son numerosos entre as inmigrantes.

Sen embargo, e como acabamos de reflexionar, a emancipación que levan a cabo estas mulleres non pode, nin debe, interpretarse como unha emancipación de xénero real, porque na patria de destino estas mulleres reproducirán as estruturas patriarcais que as atrapan, senón como unha emancipación persoal, de cada caso particular. Como podería ocorrer e de feito ocorre coas persoas do centro que emigran a outro lugar para evitar as presións sociais. Son célebres os exemplos das lesbianas ou os gais que foxen do pobo natal cara as grandes cidades: Madrid ou Barcelona, e mesmo Londres ou Amsterdam, para facer a súa propia vida.

### Cidadanía “sen papeis”

A inmigración, independentemente dos seus motivos ou “promesas”, implica sempre un certo grao de emancipación. No caso da inmigración feminina esta tese obsérvase dun xeito máis nítido, pois para inmigrar unha muller ten que comezar un proceso autónomo. Encher unha maleta de pertenzas e decidir mercar unha pasaxe para mudar de país, continente e moitas veces hemisferio, require un exercicio de autonomía importante.

Sen ter en conta se a decisión foi tomada polo/a migrante, ou por presións familiares, o feito é que quen viaxa, quen emigra, é a persoa

que automaticamente posúe o estatuto de suxeito activo<sup>28</sup>. Sen embargo, resulta paradoxal que sendo a posición de suxeito activo o pilar do exercicio da cidadanía, este estatuto lle sexa negado, de principio, a todas aquelas persoas que emprender un proceso migratorio.

Nun artigo de 2007 publicado nun volume coral da editorial Traficantes de Sueños<sup>29</sup>, Liliana Suárez Navaz et al. (2007: 187) analizan o que deron en chamar: “un primer precedente de lo que hemos denominado como extensión de la ciudadanía nacional”. Para iso céntranse nas mobilizacións protagonizadas por inmigrantes “sen papeis” quen, con dúas popularizadas consignas: “ningún ser humano é ilegal” e “papeis para todos”, conseguiron poñer de manifesto o paradoxo da exclusión da cidadanía destes individuos de orixe diferente.

Mediante a estratexia da mobilización, a organización de manifestacións, peches en edificios de institucións públicas ou privadas, sobre todo igrexas e mesmo catedrais, sentadas, etc. puxeron de relevancia o seu carácter de suxeitos activos, visibles, con iniciativa e independencia.

Cabe salientar aquí que durante a segunda rolda de mobilizacións, os apoios políticos que recibiran os reclamantes por parte de ONG's, asociacións de veciños e políticos de esquerdas desapareceu. O escenario político era outro, malia que aínda faltaban tres anos para os cambios da cor do goberno español e catalán.<sup>30</sup> Este feito non muda a realidade de conquista por parte das persoas indocumentadas dun estatuto político.

---

<sup>28</sup> Véxase que puxemos énfase na condición de inmigración libre e non forzada. Aínda que toda migración é forzada polas circunstancias, debemos distinguir entre as persoas tratadas e as traficadas. Tráfico é todo desprazamento de persoas de xeito ilegal, é dicir, sen respectar as leis de entrada do país de destino. Trata é pola contra unha práctica censurable que consiste na venda de persoas anulando así a súa capacidade de acción e decisión libre. Cando falamos de inmigración como proceso autónomo referímonos a inmigración decidida polo/a protagonista da mesma, sexa mediante procedementos legais ou ilegais (incluíndo o tráfico), pero non incluímos a trata ou transporte de persoas contra a súa vontade.

<sup>29</sup> Cfr. Liliana Suárez Navaz et al., op. cit., pág. 185-213.

<sup>30</sup> O primeiro período de peches de inmigrantes sen papeis tivo lugar no ano 2001, durante o período de goberno estatal do PP, con maioría absoluta dende comezos de 2000 e do goberno de CIU con Jordi Pujol á fronte do executivo catalán. Entre os desencadeantes figura a morte accidental de 12 traballadores inmigrantes de orixe ecuatoriana contratados de xeito irregular por un empresario murciano. A opinión pública da inmigración conmocionouse polo suceso dos traballadores arrollados polo tren cando ían traballar seguindo as vías. O feito abriu o debate sobre as condicións de traballo desta xente. O segundo período de mobilizacións tivo como escenario político un ben distinto. A preparación da Cumio de Sevilla



“Para los inmigrantes sin papeles los encierros supusieron un vuelco en el rol que desempeñaron hasta entonces. Adquieren visibilidad rompiendo, de alguna forma, con la imagen de clandestinos y lo que esta figura lleva asociada en términos de ilegalidad”, “delincuencia”... poniendo el acento en que su situación es producto de la política gubernamental. Son sujetos activos, no pasivos. Son centro de atención, no olvidados. Despiertan simpatías, no recelos. Son ellos quienes deciden, no se decide por ellos. Son ellos mismos quienes hablan de sus problemas, no son interpretados por otros”. (Aierbe, 2007: 242).

Neste texto, o responsable do Centro de Estudos y Documentación sobre el Racismo y la Xenofobia e director da revista *Mugak*<sup>31</sup>, Peio M. Aierbe, lista o exercicio dunha serie de dereitos, que puxeron en práctica individuos que en principio non os teñen recoñecidos, na súa condición de “irregulares”.

As mobilizacións de “sen papeis” tiveron como resultado o recoñecemento ás persoas que residen dende fai un tempo en territorio español, á marxe da súa situación legal (con ou sen papeis) dunha serie de dereitos que ata ese momento, ano 2001 en plena segunda lexislatura de Aznar con maioría absoluta do PP, estiveran reservados aos/ás nacionais. Os/as inmigrantes acadaron os dereitos de acceso á sanidade, escolarización en idade obrigatoria, políticas de inserción social, recursos de ingresos sociais, políticas públicas de vivenda, etc. (Aierbe, 2007: 243).

Varios/as autores/as critican que o estatuto de cidadanía estea ligado exclusivamente ao estatuto laboral. O permiso de traballo, logo dun tempo, da lugar o permiso de residencia e con este á cidadanía. No caso das mulleres, esta lexislación, é máis perigosa na medida en que as fai aínda máis vulnerables fronte ao carácter patriarcal das súas culturas. As mulleres que se acollen á figura legal da reagrupación familiar gozan de permiso de residencia dependente do da súa parella reagrupante. A situación da muller depende polo tanto da iniciativa do seu home. Dando como resultado casos de maltrato non denunciados ante o medo á deportación, que de cumprirse a lei se fará efectiva cando a muller denuncie ao seu reagrupador maltratador, dado que o permiso dela vence ao romperse o contrato matrimonial coa súa parella, beneficiario dos dereitos.

Nun mundo globalizado, onde os estados nacionais —se ben non desaparecen— mudan de función, a cidadanía, elemento estreitamente vinculado á nacionalidade, precisa dunha reformulación.

---

<sup>31</sup> Mugak é unha revista editada trimestralmente dende 1997 polo Centro de Estudos y Documentación sobre el Racismo y la Xenofobia, en San Sebastián. Dispoñible en <<http://revista.mugak.eu/>>.

Convén tirar as consecuencias da inmigración para os suxeitos que a protagonizan e para os/as residentes das zonas de destino e o seu vínculo coa cidadanía, figura en proceso de transformación social. En pleno século XXI resulta paradoxal que a opinión pública permita, sen unha incidencia importante da crítica, que unha boa parte da poboación residente en España<sup>32</sup> non goce dos dereitos que lle brinda a carta de Nacións Unidas asinada fai 60 anos. A declaración de Dereitos Universais é incumplida sistematicamente polos estados europeos, e nomeadamente por España, no trato que legalmente lle dispensa aos/as indocumentados/as.

Un século despois da consecución do sufraxio feminino<sup>33</sup>, Europa ve empañado o sufraxio universal pola exclusión dos outros, dos/as inmigrantes a ese dereito. A integración mediante o acceso aos dereitos ligada á concepción nacional de cidadanía recúa un logro necesario para a humanidade.

### A modo de conclusión: cidadanía e inmigración en democracia

Ricard Zapata-Barrero sinala a distinción entre o demos social e o demos político como un dos principais criterios á hora de situarnos no debate actual do multiculturalismo e a inmigración, en tanto representación práctica desta problemática. Segundo o profesor de Teoría Política da Universidade Pompeu Fabra a dimensión social conleva a conceptualización da pertenza como poboación independentemente da nacionalidade, mentres que a elección da dimensión política da demos leva implícita a definición da pertenza como cidadanía nacional. Este autor alude a relación triádica entre Cidadanía, Nacionalidade e Estado como “*la Santísima Trinidad de la democracia actual*”, tres elementos que tal como se teñen organizado as democracias liberais modernas non poden ser entendidos por separado, xa que están ligados sistemicamente, de xeito que cada un se define e limita coa axuda dos outros dous, ao tempo que media entre o resto (Zapata-Barrero, 2008: 257-258).

---

<sup>32</sup> Segundo un estudo publicado recentemente polo Real Instituto Elcano, a porcentaxe de irregularidade entre os estranxeiros comunitarios é maior á de extra-comunitarios. Sendo á dos primeiros dun 24 por cento. Analizando as cifras provisionais de empadroados do INE a 1 de xaneiro de 2008, calcúlase que a cifra de irregulares rolda os 656.076.

<sup>33</sup> O primeiro país da actual UE en aprobar o sufraxio feminino foi Finlandia en 1906. España tivo que esperar ata 1931, e nomeadamente ata 1976 cando co derrubamento da ditadura franquista se restableceu o dereito universal ao voto.

A dimensión social correspóndese coa poboación: no contexto español, o total de persoas que residen actualmente en España: con ou sen papeis. A dimensión política do demos engloba pois os 45.200.737 españois e españolas rexistrados/as nos censos e padróns do INE no 2007. O total de estranxeiros/as con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor é de 4.192.835, a 31 de marzo de 2008 segundo datos do Observatorio Permanente de la Inmigración<sup>34</sup>. A dimensión política está composta en España por 41.007.902 cidadáns e cidadás. A poboación excluída da cidadanía son pouco máis de catro millóns de persoas que presentan o resultado dunha resta (operación matemática que relaciona a poboación total coa cidadanía). Hai que ter en conta que os inmigrantes sen rexistrar tamén forman parte da poboación total, sendo excluídos da cidadanía.

Arestora estase a dar un debate sobre a re-constituición do demos político. Segundo Zapata-Barrero (2008: 25) este debate:

“Es una respuesta política a la toma de consciencia de la ciudadanía de la diferencia, o bien incrementando la distancia identitaria, o bien asumiendo implicación mutua, o simplemente haciendo desaparecer la categoría de identidad como factor explicativo de los conflictos entre ciudadanos e inmigrantes”.

A democracia ten como elemento definitorio a inclusión. Unha democracia non pode ter zonas escuras, sen deixar de selo. Sen embargo, e como ben documenta Zapata-Barrero (2008: 260) historicamente as demos políticas sempre se delimitaron e obrigaron aos outros a cumprir as súas normas cando estiveran no seu territorio, dentro das súas fronteiras terrestres. Certamente, a democracia grega, en cueiros por ser a primeira, excluía a mulleres, pobres e metecos da cidadanía, computándoos só como poboación. Violando deste xeito o principio de inclusión que a define a nivel teórico. O factor do cambio é unha das ferramentas máis valiosas do movemento feminista. De conceder que premisas como a que Zapata-Barrero defende son inmutables, o movemento feminista non tería conseguido os logros sociais e políticos que xa se lle poden apuntar a súa curta historia de algo máis de tres séculos.

A cidadanía, no esquema triádico das democracias liberais, é o principal vehículo de lexitimación do Estado-nación, entidade política que define quen é cidadán. Na sociedade actual, as nacións están lonxe na práctica do papel simbólico que outrora cumpriron vinculando o territorio estatal

---

<sup>34</sup> Véxase o Boletín núm. 16, abril 2008.

coa cidadanía que reside no mesmo. Os movementos poboacionais mundiais que caracterizan esta época requiren una revisión conceptual e unha reconstitución do demos político, sen saír do paradigma da Ilustración, se non ampliando a Ilustración para os/as inmigrantes, como o movemento feminista da igualdade amplía a Ilustración reivindicando para as mulleres o estatuto de cidadanía que lle foi negado tras a Revolución Francesa.

A definición de cidadanía precisa dunha revisión e ampliación no contexto da globalización. O modelo de cidadanía ilustrado tivo que convivir con varias contradicións importantes, da que a máis significativa foron os movementos nacionais independentistas, onde a Nación non se corresponde cun Estado, dando como resultado a ecuación diádica de Cidadanía = Nación. No contexto de globalización actual caracterizada polo movementos de persoas, o incremento dos fluxos migratorios, a formación de unións políticas supranacionais, o poder económico dos bancos mundiais, etc. fai pertinente unha revisión do vínculo histórico entre Cidadanía, Nación e Estado.

Saskia Sassen (2007: 44) afirma que *“aunque las redes se encuentran parcialmente insertas en los territorios nacionales, ello implica que los marcos regulares existentes a nivel nacional pueden regularlas”*. En opinión da socióloga a globalización non altera as fronteiras xeográficas dos territorios pero si muda a autoridade exclusiva do Estado sobre dito territorio (Sassen, 2007: 47). Sassen subscribe a opción de varios/as autores/as (Castells, Miller, Ehrenreich, Hochschild, Skeldon...) segundo a que a inmigración é un dos principais procesos que constitúen a globalización actual. Neste contexto estase a dar unha perda do poder dos Estados-nación que xa non contan co poder simbólico de antano de moldear a pertenza e a identidade (Sassen, 2007: 212). A nova clase global, descrita por Sassen (2007: 210 y ss.), caracterizada por unha posición intermedia entre o nacional e o global revisa e pon en cuestión coa súa existencia, pero sobre todo coa súa reivindicación, a relación excluínte entre cidadanía e Estado-nación. Os peches protagonizados no Estado español por parte do colectivo de inmigrantes irregulares no 2001 e 2005 son unha mostra da presenza e as prácticas cotiás que Sassen relaciona coa cidadanía (Vega y Gil en Sassen, 2003: 25-26).

A distancia que separa o século de formación da cidadanía moderna como instrumento de inclusión da burguesía animada por unha lóxica universalista —que de facto non foi tal pois excluía ás clases baixas, as mulleres, etc.— e a actualidade caracterizada polos grandes movementos migratorios manifestou a falibilidade e inadecuación de varias das premisas nas que se asentou dita teoría. Liliana Suárez et. al. (2007: 20) lista estas

premisas que resultaron falsas: a idea de nación como entidade ahistórica; a idea de que as identidades son anteriores á cidadanía; o mito de que igualdade formal corrixe as desigualdades previas; a idea de que unha “*sociedad democrática puede considerarse un sistema social completo y cerrado*”; a idea da centralidade do Estado na configuración da nosa identidade política; etc. Benhabib (2006: 271) sinala como unha das teses centrais da súa argumentación verbo da cidadanía e a teoría política o feito de que con frecuencia as teorías da cidadanía se apoian en premisas “obsoletas y equivocadas: as fronteiras non porosas, as sociedades pechadas e a centralidade do Estado, por exemplo.

Os movementos de individuos sen papeis lograron na práctica unha extensión da cidadanía, poñendo así de manifesto boa parte das contradicións do modelo liberal democrático. O cuestionamento ao Estado que fixeron os inmigrantes sen papeis facendo uso do discurso dos dereitos humanos puxo de manifesto unha aporía da democracia moderna. Os seres humanos polo feito de selo teñen recoñecidos unha serie de dereitos fundamentais. O conflito radica na identificación do estatuto de cidadanía co desfrute dos dereitos, o que xera automaticamente unha lista de excluídos desa protección. As figuras do estranxeiro e do cidadán constituíronse como opostas dende un comezo. “*El ciudadano poseía precisamente aquello que al extranjero le faltaba: los honores en la antigüedad y los derechos en la modernidad*” (Henaó, 2007: 1). O/a inmigrante ven a cuestionar a relación liberal establecida entre a cidadanía e a humanidade. Coa perda dos dereitos nacionais de cidadanía, que ten lugar ao comezo da viaxe migratoria, o/a inmigrante perde a un tempo os Dereitos humanos, porque se ben estes lle garanten ao individuo no seu artigo 13 que (1) toda persoa ten dereito a circular libremente e a escoller a súa residencia no territorio dun Estado (...) e que (2) toda persoa ten dereito a saír de calquera país e a regresar ao de nacemento (Henaó, 2007: 6), o dereito de entrada correlativo ao de saída non está contemplado na carta de 1948. Na política liberal, sen embargo, si está recollido que son os Estados os que teñen a potestade de decidir quen son os seus cidadáns e cidadás, de modo que xorde a aporía que permite aos individuos saír dun Estado e perder os seus dereitos de cidadanía, e entrar a outro Estado, onde quizais nunca —cando menos non automaticamente— acadará o estatuto de cidadán, coa conseguinte carencia dos dereitos humanos, ligados á cidadanía. Esta aporía fai tremer a pilastra do liberalismo, adosada ao muro da humanidade. O liberalismo apóiase na lexitimidade de representar o especificamente humano. E neste contexto, o inmigrante, portador desa mesma humanidade fai tambalear a teoría política liberal.

A especificidade da teoría política liberal non pode ser compartida polo que esta exclúe sen que o sistema se resinta. As aporías fenden o muro que o liberalismo erixiu en defensa da súa cidadanía. Saskia Sassen pon de manifesto que a desnacionalización da cidadanía se dá porque o Estado-nación non garante os dereitos do/a cidadán/á no mercado global (Vega y Gil en Sassen, 2003: 24). A ecuación entre cidadanía, nacionalidade e dereitos humanos reducida na orixe (1789) ao varón ten no presente as consecuencias xa sinaladas de ausencia de dereitos para os inmigrantes, e nomeadamente para as mulleres inmigrantes.

Malia non existires consenso entre os liberais no recoñecemento da idea da cidadanía universal, son moitos/as os/as teóricos/as que conceden a contradición na que incorre o discurso liberal cos seus principios básicos ao negar unha cidadanía básica universal. O contrato liberal establece un “*vínculo jurídico-político artificial y abstracto*” entre os asinantes (Henaó, 2007: 5). Os cidadáns non o son en virtude dun pasado histórico ou por uns valores culturais senón por un contrato político asentado nos principios da igualdade e a liberdade. Principios que a teoría liberal incumpre ao negarlle aos individuos a elección da comunidade de pertenza e residencia, como de facto acontece no caso da xestión da inmigración. Na actualidade estase a incrementar a tensión entre a noción de cidadanía como condición legal formal e como proxecto normativo ou aspiración. Os cambios do Estado-nación e a crecente influencia dos Dereitos Humanos a nivel internacional deron pé a unha evolucionada noción de “igualdade cidadá” (Sassen, 2003: 96). Sassen propón unha cidadanía informal como institución mudable. Así o proceso de desnacionalización que teoriza a socióloga é unha transformación do nacional incluíndo asimesmo unha condición fundacional da cidadanía.

Coa perda de poder dos Estados-nación, este poder desprázase cara a outros centros, entre eles, Sassen destaca as cidades<sup>35</sup>, lugares onde os inmigrantes, as mulleres, e resto de actores invisibles poden tomar “presenza”. Así estas loitas dos movementos de sen papeis reivindicando os seus dereitos son unha boa mostra da realización da teoría de Sassen. Na mesma liña, Benhabib (2006: 289) sinala o “efecto de desagregación” que causa o desmantelamento das tres dimensións da cidadanía: a identidade colectiva, a pertenza política e a atribución aos dereitos sociais. A conexión entre cidadanía e nacionalidade comporta o risco de excluír a seres humanos da protección dos dereitos fundamentais, que aínda

---

<sup>35</sup> Sassen (2007: 37-38) explica a importancia das cidades na “institucionalización de los procesos económicos globales” e propón cinco hipóteses.

sen estar completos serven de base común necesaria. Precisamente unha das eivas da Declaración de 1948 con respecto aos dereitos relativos á situación particular da inmigración actual é a xa comentada ausencia do dereito humano de entrada a outras comunidades. Os dereitos humanos recoñecen o dereito de saída, teorizado por Benhabib –para quen “*el derecho fundamental a la libertad humana implica el derecho fundamental de entrada y de salida*” (Benhabib, 2006: 278)<sup>36</sup>– ou Okin, sen embargo non inciden no dereito de entrada. Dando así lugar ao paradoxo de saír dunha comunidade cara á nada.

“Si bien el gran logro del siglo XX ha sido asegurar la “opción de salida” de nuestras sociedades, el gran reto del siglo XXI es conseguir también que la “opción entrada” en cualquier parte al territorio mundial se proteja como derecho humano” (Zapata-Barrero, 2008: 271).

Como indica Zapata-Barrero, o propósito de incluír o dereito de entrada nos dereitos humanos segue pendente a comezos do século XXI. Seyla Benhabib (2006: 246) afirma que os Dereitos Humanos Universais trascenden os dereitos da cidadanía. Nesa medida urxe unha unha revisión do demos social que inflúa no demos político e que permita o desfrute dos dereitos áos individuos independentemente do seu estatuto de cidadanía. Sen dúbida a perspectiva moral para tratar o tema da inmigración é a da cidadanía. Pero mentres non se logra o ansiado protagonismo nese pacto político, a construción da cidadanía, os dereitos dos inmigrantes e as inmigrantes deben estar garantidos en tanto inherentes ao ser humano.

## Bibliografía

- ADÁN, Carme, “Ser e estar en todos os lugares do mundo” en *Revista Paz*, núm. 8.
- AGULAR, Marta, Miedo Prestado en <<http://www.acoge.org/opinion.htm>> (Última consulta 09/10/2008).
- AIERBE, Peio, “Sin papeles: límites como movimiento, fuerza como agente de cuestionamiento del concepto de ciudadanía” en SUÁREZ NAVAZ, Liliana; MACÍA, Raquel y MORENO, Ángela, *Las luchas de los sin papeles y la extensión de la ciudadanía*, Tds. Páxs. 237-252.

---

<sup>36</sup> Dereitos que distingue da reivindicación da pertenza (Benhabib, 2006: 279), non así do dereito ao respecto e a dignidade humana.

- AMORÓS, Celia y DE MIGUEL (2007), Ana, *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*. Vol. 3, Madrid, Minerva Ediciones.
- AMORÓS, Celia (2005) *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias para la lucha de las mujeres*, Madrid, Cátedra.
- AMORÓS, Celia (2007), “As mulleres están en terra de ninguén”, Entrevista de M. X. Agra e D. Vilavedra en *Grial*, núm. 176. Páxs. 50-59.
- AMORÓS, Celia, “El legado de la ilustración: de las iguales a las idénticas” en PULEO, Alicia, *El reto de la igualdad de género*, Madrid, Ed. Biblioteca Nueva, 2008. Páxs. 45-61.
- ALBELA GARCÍA et al. (2007), “Situación xeral da inmigración en España” en LÓPEZ DE LERA, Diego (Dir.), *Administración pública e estranxeiría: necesidade formativas e “boas prácticas”*, Santiago de Compostela, EGAP, páxs. 29-48.
- AMARA, Fadela & ZAPPI, Sylvia (2004), *Ni putas ni sumisas*, Madrid, Cátedra, Colecc. Feminismos.
- BEDOYA, María Helena (2000), “Mujer extranjera: una doble exclusión: Influencia de la ley de extranjería sobre las mujeres inmigrantes”, *Papers*, núm. 60, páxs. 241-256.
- BENHABIB, Seyla (2004), *Los derechos de los otros. Extranjeros, residentes y ciudadanos*, Barcelona, Gedisa.
- BENHABIB, Sheyla (2006), *Las reivindicaciones de la cultura. Igualdad y diversidad en la era global*, Buenos Aires, Katz.
- BERNÁRDEZ RODAL (2007), Asunción (dir), *Mujeres inmigrantes en España, Representaciones en la información y percepción social*, Madrid, Editorial Fragua.
- BESSIS, Sophie (2002), *Occidente y los otros, Historia de una supremacía*, Madrid, Alianza Ed.
- BESSIS, Sophie (2005), *Las emergencias del mundo: economía, poder, alteridad*, Oviedo, Ed. Nobel.
- ENZENSBERGER, Hans Magnus (1992), *La gran migración*, Barcelona, Anagrama.
- FEMENÍAS, María Luisa (2007), *El género del multiculturalismo*, Bernal, Universidad de Quilmas.
- HENAO CASTRO, Andrés Fabián (2007), “Ciudadanos, extranjeros e inmigrantes: algunas paradojas de la Filosofía Política Contemporánea”, comunicación presentada nas *IV Jornadas de Filosofía Política cidadanía posible, cidadanía deseable*, 19-22 de novembro de 2007, organizadas polo Seminario de Filosofía Política (Universitat de Barcelona). Disponible en: <<http://www.ub.es/demoment/jornadasfp/PDFs/9-inmigrantes.pdf>> (Última consulta 17/12/2008).



- IGE, Datos estadísticos básicos de Galicia 2008. Disponible en <[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/datos\\_estadisticos\\_basicos\\_Galicia\\_2008.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/datos_estadisticos_basicos_Galicia_2008.pdf)> (Última consulta: 25/11/2008).
- MARTÍNEZ TORRES, María (2005), *Feminización de la pobreza: análisis dinámico*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, Colección Papeles de Trabajo, núm 11.
- MERNISSI, Fatema (2005), *El hilo de Penélope, La labor de las mujeres que tejen el futuro de Marruecos*, Barcelona, Lumen.
- MERNISSI, Fatema (2006), *El harén en Occidente*, Madrid, Espasa Calpe.
- MERNISSI, Fatema (2007), *El miedo a la modernidad, Islam y democracia*, Madrid, Ed del Oriente y el Mediterráneo.
- SUÁREZ NAVAZ (2007), Liliana, “Introducción. La lucha de los sin papeles. Anomalías democráticas y la (imparable) extensión de la ciudadanía” en SUÁREZ NAVAZ, Liliana; MACÍA, Raquel y MORENO, Ángela, *Las luchas de los sin papeles y la extensión de la ciudadanía*, TdS. Páxs. 15-33.
- SASSEN, Saskia (2003), *Contrageografías de la globalización. Género y ciudadanía en los circuitos transfronterizos*, Madrid, TdS.
- SASSEN, Saskia (2007), *Una sociología de la globalización*, Buenos Aires, Katz.
- SUÁREZ NAVAZ, Liliana; MACÍA, Raquel y MORENO, Ángela (2007), “El estado y las luchas de los sin papeles en España: ¿una extensión de la ciudadanía?” en SUÁREZ NAVAZ, Liliana; MACÍA, Raquel y MORENO, Ángela, *Las luchas de los sin papeles y la extensión de la ciudadanía*, TdS. Páxs. 185-213.
- ZAPATA-BARRERO, Ricard, “Multiculturalidad, inmigración y democracia: la re-constitución del demos político” en QUESADA, Fernando, *Ciudad y ciudadanía: senderos contemporáneos de la filosofía política*, Madrid, Ed. Trotta, 2008, páxs. 253-277.